



RECOMENDACIÓN DIRIXIDA AO SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA QUE PROCEDA Á PUBLICIDADE DAS PROBAS DO MASTER EN MARKETING, CONSULTORÍA E COMUNICACIÓN POLÍTICA.

Expediente: T.11.Q/2371/18

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Sr. reitor:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ██████████ referente á publicación dos listados xerais de notas correspondentes a cada alumno, incluíndo a desagregación da valoración dos criterios de avaliación correspondente.

#### ANTECEDENTES

No escrito, do 17 de abril de 2018, esencialmente, solicitaba a nosa intervención para que se instara á Universidade de Santiago de Compostela- USC- á inmediata publicación dos listados xerais de notas correspondentes a cada alumno, incluíndo a desagregación da valoración dos criterios da avaliación correspondentes do Master en Marketing, Consultoría e Comunicación Política, no que ██████████ era o representante, facendo a presentación do escrito na dobre condición de alumno afectado e representante dos outros alumnos.

A data 28 de maio de 2018 a Universidade de Santiago de Compostela informa que:

*“A publicación das cualificacións definitivas de todos os alumnos en todas as materias dun máster afecta ao dereito de protección de datos e non está contemplada na lexislación académica e dado que non se trata dun procedemento de concorrencia competitiva a súa difusión debe ser solicitada nos sistemas establecidos para o acceso*

*a información pública, para que previo consentimento dos demais afectados poda ser posta a disposición do alumno presentador da queixa.*

*Non obstante o anterior, esta Secretaría Xeral non ten inconveniente en facilitar ao alumno ████████ todas as cualificacións definitivas do Máster de Mercadotecnia, Consultoría e Comunicación Política, obtidas polos alumnos do máster na convocatoria de xaneiro/febreiro de 2018, sempre que reciba unha recomendación fundada en dereito desa institución ou da Comisión da Transparencia e se lle exima a esta USC de todas as responsabilidades que puidesen derivarse dunha indebida custodia de documentos e datos de carácter persoal”*

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

A petición dos alumnos do Máster en Marketing, Consultoría e Comunicación Política é a de que se inste á USC á inmediata publicación dos listados xerais de notas correspondentes a cada alumno, incluíndo a desagregación da valoración dos criterios da avaliación correspondentes do Master en Marketing, Consultoría e Comunicación Política.

No caso que nos ocupa, á vista da petición formulada polos alumnos do máster, encabezados polo seu único representante electo e, tralo seu estudo, esta foi tramitada como unha queixa ante unha actuación de falta de publicidade dos listados de notas durante o curso 2017-2018 do máster citado da dita Universidade pública.

Tanto a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, como a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro establecen que as universidades de Galicia someterán a súa actuación á normativa de transparencia (artigos 4 e 3 respectivamente).

A transparencia, tal como recolle a lexislación básica de transparencia; a Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ten unha dobre perspectiva: a publicidade activa, entendida como a obriga de publicar de xeito periódico e actualizado a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir á transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación administrativa, e especificamente as obrigas previstas no capítulo II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e no capítulo II da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e o dereito de acceso á información pública, entendido como o dereito de todas as persoas a acceder aos contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que conste en poder dos suxeitos incluídos no

ámbito de aplicación da lei, e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

A través do dereito de acceso á información pódese solicitar a información publicada. Nese caso a lexislación vixente di que é suficiente con indicar como se pode acceder a ela, pero a publicidade é obrigatoria e deberá realizarse de xeito periódico e actualizado. Tal como contempla o artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, lle son de aplicación todos os límites derivados da protección de datos de carácter persoal.

Tal como reflicte a introdución do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, *“o dereito á protección de datos persoais non é un dereito absoluto senón que debe considerarse en relación coa súa función na sociedade e manter o equilibrio con outros dereitos fundamentais, con arreglo ao principio de proporcionalidade....”*. As especificacións e limitacións que recolle o artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, se refiren a datos especialmente protexidos, ou o que é o mesmo, a datos relativos ao apartado 3 do artigo 7 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, aínda vixente a pesar da entrada en vigor do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016. Polo que é de incidir en que, o nome, apelidos e o DNI non son datos especialmente protexidos. O novo regulamento só afecta ao artigo 15 da Lei 19/2013, no sentido de que aumenta os datos especialmente protexidos como son os biométricos e datos xenéticos, que non afectan a este asunto.

A Secretaría Xeral da Universidade de Santiago de Compostela manifesta no seu informe que, a petición do alumno non pode ser atendida xa que afecta á protección de datos de terceiros alumnos, e que só se podería subministrar pola lexislación de transparencia, e previo consentimento dos demais afectados.

Porén, non é necesario o consentimento cando a unha lei prevea o acceso. Pois ben, a reforma da lexislación de Universidades que introduciu a Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, declara na súa Disposición adicional vixésimo primeira que, *“3. Non será preciso o consentimento dos estudantes para a publicación dos resultados das probas relacionadas coa avaliación dos seus coñecementos e competencias, nin dos actos que resulten necesarios para a adecuada realización e seguimento da devandita avaliación”*. Deste xeito, introdúcese un suposto de habilitación legal que elimina a necesidade de consentimento dos interesados.

Esta norma é ampla no seu ámbito de aplicación, co fin de incluír tanto as probas e actos de cualificación parcial como final (a norma non fai distinción neste punto). Ademais da solución legal mencionada, enténdese por algúns que a publicación das notas xustifícase

desde outros principios e dereitos constitucionais, e se sostén que é necesario establecer un equilibrio entre o dereito á protección de datos e outros bens constitucionais. Por iso, a transparencia administrativa lexítima a quen ten interese directo para coñecer as cualificacións, á vez que o órgano administrativo goza da discrecionalidade de publicar as cualificacións malia a ausencia de concorrencia. Ademais, se entende que o dereito á educación implica que a relación entre a Universidade e o estudante leva esta posibilidade, xunto co tratamento de datos que é imprescindible no ámbito da xestión universitaria (matrícula, certificados académicos, traslados...etc.).

Como vimos, a Disposición adicional vixésimo primeira da Lei Orgánica 4/2007, que se refire á protección de datos de carácter persoal, modificou a regulación ao recoller, no seu primeiro apartado, dúas regras: 1.“O establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, será de aplicación ao tratamento e cesión de datos derivados do disposto nesta Lei Orgánica”. 2.“As universidades deberán adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, tratamento ou acceso non autorizados”. A continuación, o terceiro parágrafo da mesma Disposición adicional establece unha regra excepcional ao dicir que “Non será preciso o consentimento dos estudantes para a publicación dos resultados das probas relacionadas coa avaliación dos seus coñecementos e competencias nin dos actos que resulten necesarios para a adecuada realización e seguimento da devandita avaliación”, así que, actualmente, as cualificacións académicas dos estudantes universitarios poden ser difundidas sen que sexa necesario o seu consentimento, xa que este caso inclúese dentro do art. 11.2.a) da Lei Orgánica 15/1999, que indica que o consentimento esixido no art. 11.1 da norma, non será preciso cando a cesión está autorizada por unha lei.

En todo caso, as medidas de índole técnica e organizativa están xa ao dispor dos centros universitarios, e cada vez son menos frecuentes as situacións nas que se difunden as cualificacións mediante documentos publicados nos taboleiros de anuncios das facultades. Está xeneralizado o emprego das novas tecnoloxías e das redes internas de cada centro universitario, que axudan a publicar as notas nunha plataforma virtual á que só poden acceder os estudantes matriculados no grupo do profesor que difunde as cualificacións, mecanismo que garante o acceso a esa información só aos interesados, que están, a súa vez, autorizados polo uso das súas claves de acceso. Por outra parte, non é preciso incorporar todos os datos: pódese optar polo nome e apelidos e o D.N.I. ; só polo D.N.I.; polo número de expediente ou por calquera outro mecanismo que garanta a privacidade do alumno e a publicidade da cualificación, sempre que se manteña a correspondencia entre un alumno e as súas notas, e manteña, por mor da transparencia, a mesma relación durante todo o curso.

O artigo 85 parágrafo 2 do regulamento europeo dí:

*“Para el tratamiento realizado con fines periodísticos o con fines de expresión académica, artística o literaria, los Estados miembros establecerán exenciones o excepciones de lo dispuesto en los capítulos II (principios), III (derechos del interesado), IV (responsable y encargado del tratamiento), V (transferencia de datos personales a terceros países u organizaciones internacionales), VI (autoridades de control independientes), VII (cooperación y coherencia) y IX (disposiciones relativas a situaciones específicas de tratamiento de datos), si son necesarias para conciliar el derecho a la protección de los datos personales con la libertad de expresión e información.”*

Actualmente, o marco normativo galego é a Resolución 15 de xuño de 2011 pola que se publica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, aprobada no Consello de Goberno do 15 de xuño de 2011 (DOG 21 de xullo 2011) que establece no seu artigo 7 que:

*“1. Os estudantes teñen dereito a coñecer os resultados das probas parciais e finais que realicen, segundo o sistema de avaliación previamente establecido, nun prazo razoable que, salvo casos excepcionais debidamente xustificados ante a dirección do centro, será inferior a 15 días naturais desde a data de realización da proba. Tales resultados deben coñecerse con suficiente antelación, e nunca con menos de tres días antes da realización dunha nova proba ou convocatoria de recuperación.*

*2. A notificación das cualificacións finais provisionais de cada materia realizarase mediante a publicación dunha lista coa cualificación de cada estudante. Os profesores informarán no momento da realización do exame da data aproximada de publicación dos resultados. Mentres non se establezan procedementos informáticos de arquivo desta información, unha copia da lista exposta coas cualificacións e as rectificacións será depositada na secretaría do centro por un período mínimo de cinco anos, e deben enviarse a continuación ao arquivo histórico.*

*A lista de cualificacións provisionais a que se refire o punto anterior elaborárase mediante a aplicación informática de cobertura das actas de cualificacións. Así mesmo, no caso de estar operativo un procedemento para enviar aos alumnos información sobre as cualificacións provisionais das materias en que estean matriculados, e a data de revisión de exames a través de teléfonos móbiles, os profesores deberán autorizar a dita comunicación no momento de publicar as cualificacións provisionais, mediante as canles técnicas que se establezan.*

*Estas cualificacións consideraranse definitivas ao finalizar o prazo de revisión de exames. O alumno poderá acceder á súa secretaría virtual para ter comunicación das cualificacións acadadas en cada convocatoria.”*

Hai que ter en conta, noutro orde de cousas, que o informe indica que non se trata dun procedemento de concorrencia competitiva, mais sendo isto certo, non é menos certo que toda a normativa académica, e especificamente o Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudiante Universitario protexen o dereito á igualdade. Este dereito á igualdade está relacionado no caso que nos ocupa coa realización das prácticas curriculares. A elección das prácticas faise por estrito orde de nota. Tendo en conta que existen varios convenios colaborativos e que non todos os estudantes poderán realizar as prácticas no mesmo establecemento, sen existir concorrencia competitiva, o que si debe garantirse é o dereito á igualdade no xeito de aplicar os criterios que garanten a cualificación publicada cando os estudantes amosen dúbidas sobre a forma de realización da avaliación, como ocorre no caso presente.

Porén neste caso, non procedería a publicación, que non está legalmente prevista, da desagregación da valoración dos criterios da avaliación, senón a información do plan docente respectando o disposto no artigo 25 do Estatuto do Estudiante cando di que *“La evaluación del rendimiento académico de los estudiantes responderá a criterios públicos y objetivos y tenderá hacia la evaluación continua, entendida como herramienta de corresponsabilidad educativa y como un elemento del proceso de enseñanza-aprendizaje que informa al estudiante sobre su proceso de aprendizaje”*.

Polo tanto, a petición da publicación das notas con nome e apelidos e DNI e a inclusión da desagregación da valoración dos criterios de avaliación correspondente, é legal coas apreciacións indicadas.

Cómpre recordar o feito de que a utilización da información obtida ten as limitacións derivadas do ordenamento xurídico, é dicir, os datos de carácter persoal só poden ser usados por todos os destinatarios para os fins para os que foron postos a súa disposición, posto que o artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, como xa se indicou, di que a publicidade faise para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, pero que lle son de aplicación os límites derivados da protección de datos.

Por último indicar que a existencia de procedementos de discrepancia na avaliación do Sr. [REDACTED] non están relacionados co fondo do asunto a tratar, que afecta á publicación de todas as cualificacións de tódolos grados e másteres das Universidades autorizadas a impartir formación académica nos termos publicados pola administración educativa no DOG.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Universidade de Santiago de Compostela a seguinte recomendación:

Que, en cumprimento da Disposición Adicional 1ª de Lei Orgánica 4/2007, se publiquen os resultados das probas relacionadas coa avaliación dos coñecementos dos alumnos e se facilite o acceso ás cualificacións cuxo coñecemento resulte necesario para a adecuada realización e seguimento da devandita avaliación, como é a desagregación das notas obtidas nos diversos criterios de avaliación.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial, con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo